

INFORMACIÓN DA REUNIÓN CO DIRECTOR XERAL DE PERSOAL

O 27 de marzo as organizacións sindicais con representación na Mesa Delegada de Defensa mantivemos unha reunión co Director Xeral de Persoal específica sobre retribucións do persoal civil despois dunha petición conxunta dos sindicatos a raíz do anuncio do incremento salarial para o persoal militar do Ministerio.

A nosa asistencia à reunión agardaba a exposición de medidas concretas e inmediatas para a mellora salarial da parte do persoal civil. Pero o único que se presentou foi adiar novamente as propostas de mellora que xa vimos demandando nos últimos anos.

- Para o **persoal laboral** “comprométense” en adiar novamente ata despois do verán a negociar un concepto de produtividade para este tipo de persoal, sen concretar partidas económicas, periodicidade e contías, nen se seguiría mantendo a “paguiña” da “Mellora Unilateral da Administración” de final de ano q sempre se negan a negociar.

- Para o **persoal funcionario** vincularon a súa mellora retributiva coa reclasificación dos Corpos de Arsenais da Armada a incluír coa promulgación da nova Lei de Función Pública, que está en proxecto de tramitación. O Corpo de Oficiais de arsenais pasaría ser C1, Mestría de Arsenais abrírase no grupo B (aínda que tampouco especificaron o nivel no que quedarían estes Corpos), e do Corpo de Enxeñaría Técnica de Arsenais, unha parte pasaría de nivel 24 a 26 e outra parte que fica no 24 pero aumentan o seu complemento específico.

Nada falaram de negociar uns criterios transparentes de produtividade para este persoal, tal como vimos demandando desde a aprobada no 2013.

- Para o **persoal estatutario** “comprométense” a aprobar unha produtividade variábel para antes do verán, concepto que este tipo de persoal xa teñen máis que consolidado e normalizado nas administracións autonómicas e se nos pretende presentar como un grande logro.

Expostas estas intencións por parte da Administración, danos a ver a pouca vontade de mellorar as nosas retribucións por parte do Ministerio e expresamos o noso malestar e descontento por esta falta de consideración ante anos de propostas que temos presentado nas Mesas de Negociación, e a impotencia de nen se quer chegar a un acordo, senón a falta de disposición a negociar unha mellora salarial concreta para o conxunto do persoal civil do Ministerio.

Consideramos un agravo sen precedentes que ante unha partida económica inmensa destinada a incrementar o salario do cadro de persoal do Ministerio, só sexa unha parte a beneficiada, deixando ao persoal civil nunha clara situación inxusta, a todas luces discriminatoria e clasista.

Con menos do 10% dos 400 millóns asignados à suba do persoal militar, o persoal civil tamén vería incrementado o seu salario de maneira lineal en 200€ ao mes. Só fai falta vontade e o Ministerio non a ten actualmente.

Expresamos que tal como se tomou a decisión política de asignar esta partida económica, tamén se pode tomar de maneira semellante e inmediata unha suba para o persoal civil que retribúa dunha maneira xusta as nosas funcións.

Ante esta situación o noso malestar ante esta postura de desidia e indiferencia do Ministerio co persoal civil debe comezar a tomar outra orientación e **chamamos ao conxunto do persoal a mobilizarse para conseguir melloras retributivas que nos fagan sair da posición do persoal da Administración Xeral do Estado peor pagado.**